

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 27 DE MAIO DE 2013. Nº 5/2013.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.)
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.)
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.)
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.)
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.)
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.)
D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO (P.P.)
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.)
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.)
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.)
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE)
D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE)
D^a. BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdeG-PSOE)
D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE)
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG)
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG)
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD)

Ausente: D^a SARA FERNÁNDEZ ARCA.

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

INDICE:

1.	Aprobación da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.	Resolucións da Alcaldía: dación de conta.....	páx.3
3.	Expediente de modificación de créditos nº 4-P/2013. Crédito extraordinario e suplemento de crédito	páx. 7
4.	Expediente de modificación de créditos nº 1-P/2013 do orzamento do Padroado Cultural de Lalín	páx.9
5.	Resolución do recurso de reposición de Portas y Acuña Inmobiliaria SL contra acordo municipal de 25 de marzo de 2013	páx.11
6.	Moción do PSdeG-PSOE en contra da reforma da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.....	páx.20
7.	Mocións do BNG:	
	7.1. Moción do BNG a prol do mantemento dos Xulgados de Paz e da gratuidade dos Rexistros Civís.....	páx. 22
	7.2. Moción do BNG para esixir a retirada da LOMCE polo seu carácter centralizador e desgaleguizador	páx.23
8.	Moción conxunta do PSdeG-PSOE, BNG e PGD na que manifestan o seu rexeitamento á LOMCE e solicitan a retirada da mesma	páx. 25
9.	Rogos e Preguntas.....	páx. 27
	9.1. Rogos	páx. 27
	9.2 Preguntas	páx. 27

=====

Sendo as dez horas do día 27 de maio de 2013, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, *D. José Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste á sesión D^a. Sara Fernández Arca (P.P.).

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral D^a. *Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de abril de 2013. De seguido, o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren ás mesmas.

Non habéndoa por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril de 2013, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

A instancia de *D. Manuel María González Aller* e de *D. Román Rodríguez González* queda constancia de que na acta da sesión de 25 de marzo de 2013, no seu punto 4, primeira intervención *D. Manuel María González Aller*. Cando se refería a que o culpable era a empresa, *quería remarcar que foi o dito voceiro popular quen dixo isto, e que el repetiu o que manifestou o dito concelleiro*.

Na segunda intervención de *D. Román Rodríguez González*, onde di: ..porque foi a construtora San José cun proxecto aprobado, debía dicir: *..porque foi a construtora San José que executou un proxecto por enriba da rasante que corresponde*.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 4-P/2013, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de maio de 2013.

Polo grupo de goberno *D. Manuel Gómez Estévez*, edil delegado de Facenda, explicou o expediente e os gastos que se trataban de acometer.

Polo PSdeG-PSOE, *D. Manuel M^a González Aller* dixo estar a favor en canto ao fondo. Non obstante non estaban dacordo coa forma utilizada. Este asunto non se falou con ninguén da oposición nin cos cidadáns. Non se coñece o proxecto ni en que consiste. Criticou que o goberno municipal non tivo a delicadeza de contactar coa oposición para explicar o mesmo. Absteríanse.

Polo BNG *D. Xesús Cordeiro Budiño* amosouse a favor da proposta, xa que calquera iniciativa que teña por obxectivo a promoción dos produtos da comarca e a súa venda era positiva.

Non obstante consideraba que a cifra asignada era insuficiente a todos luces, chegaba tarde e estaba mal planificada. Ademais isto acometeríase sen facer un estudio, sen xuntarse cos sectores implicados para aunar esforzos. Votarían a favor pero reiterou que a dotación era escasa e viña tarde.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** coincidía co anterior voceiro nas súas apreciacións, sobre todo no tema da dotación desta idea, que era moi escasa. Compría emprender unha iniciativa de maior calado que a que se presentaba, e con maiores intencións. Apoiaría a moción.

Rematou o debate o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que a iniciativa de instituír unha feira a semana, tódolos sábados á mañá era imporante. Tratábase de fomentar e de difundir os produtos da comarca sobre todo nas zonas que poidan aportar posibles compradores, como era por exemplo as Rías Baixas. Recoñeceu que o orzamento aportado polo Concello era insuficiente, pero coidaba que a medida que avance o exercicio económica poderán liberarse cantidades doutras partidas. Sinalou que a él tamén lle gustaría contar con máis fondos e poder dotar esta iniciativa con máis cantidade.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16), sendo trece (13) do PP, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: catro (4) do PSdeG-PSOE.

Xa que logo **aprobose** a moción, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 4-P/2013 a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para publicitar a posta en marcha das Feiras Semanais e programas específicos de promoción do comercio local, así como para a promoción publicitaria de Rutas de Sendeirismo co obxectivo de dinamizar o comercio e o turismo en Lalín, segundo as memorias que se achegan a este expediente relativas á implantación dos citados programas. Ao mesmo tempo, trátase de dotar de crédito axeitado e suficiente para a adquisición de almofadas para o Albergue municipal Vicente Agulló, dada a necesidade de repoñelas, polo que **propono a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos nº 4-P/2013, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
431.226.02	Comercio. Publicidade e propaganda	4.000,00 €
431.1.226.02	Mercados. Publicidade e propaganda	3.000,00 €
432.625.00	Ordenación e promoción turística. Mobiliario	800,00 €
	TOTAL ALTAS	7.800,00 €

2.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
-------------------	---------------------	------------------

432.226.02	Ordenación e promoción turística. Publicidade e propaganda	8.000,00 €
	TOTAL ALTAS	8.000,00 €

3.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920.120.00	Administración xeral. Salario básico funcionarios grupo A1	4.000,00
920.121.00	Administración xeral. Complemento de destino	4.000,00
920.121.01	Administración xeral. Complemento específico	7.800,00
	TOTAL BAIXAS	15.800,00 €

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1-P/2013 DO ORZAMENTO DO PADROADO CULTURAL.

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 23 de maio de 2013.

Polo grupo de goberno, **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delegado de Facenda, explicou o expediente .

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** dixo estar de acordo coa proposta.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén se manifestou a favor.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** sinalou que apoiaría a proposta.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **aprobose** o expediente segundo a proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2013 do Presuposto do Organismo Autónomo Padroado Cultural de Lalín, a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Organismo, co obxecto de dotar de crédito para a concesión de subvencións nominativas á Banda de Lalín, co fin de cofinanciar gastos derivados da súa participación no concurso de bandas de música Wold Music Contest (WMC) de Kerkrade (Holanda) e á Banda de Vilatuxe, para participar no Certame Internacional de Bandas de Música Cidade de Valencia

O Wold Music Contest, evento que ten lugar cada catro anos en Kerkrade, vila do sur de Holanda, é o concurso de bandas de música e orquestras de vento máis importante do mundo, no que participan preto de 20.000 músicos e ten un volume de 550.000 visitantes.

O WMC ten varias categorías, entre as que destaca sen dúbida a “Concert Contests Concert Division”, categoría á que só acceden a competir as máis importantes bandas do mundo e á que se accede exclusivamente mediante invitación da organización. A Banda de Lalín, tras a súa brillante participación neste concurso no ano 2009 na “Concert Contests 1ª División” e despois dun duro e longo traballo, tivo a honra de ser a primeira banda da Comunidade Autónoma Galega invitada ao Wold Music Contest de Kerkrade, para participar na máis alta das categorías “Concert División”.

Polo que se refire ó Certame Internacional de Bandas de Música da Cidade de Valencia, a Banda de Vilatuxe foi seleccionada entre máis de 50 bandas de todo o panorama nacional para participar na 127 edición deste certame que se celebrará no Palau da Música de Valencia do 18 ó 21 de xullo de 2013, no que participarán un total de vinte e dúas agrupacións musicais de tres continentes, sendo a Banda de Vilatuxe a única de Galicia que tomará parte neste concurso internacional.

A importancia da repercusión que para este Concello terá a participación das Bandas de Música de Lalín e Viltuxe nos citados concursos e o seu interese social xustifica a concesión dunhas axudas económicas, para as que non existe dotación orzamentaria, sendo necesario para esta finalidade a aprobación dun expediente de modificación de créditos, polo que, **propoño a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 1-P/2013 do orzamento do Padroado Cultural de Lalín, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto do Padroado Cultural de Lalín ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
334.479.01	Promoción cultural. Subvención Banda de Lalín para participación no Wold Music Contest de Kerkrade	6.600,00
334.479.02	Promoción cultural. Subvención Banda de Música de Vilatuxe para participación no Certame Internacional de Bandas de Música Cidade de Valencia	2.700,00
	TOTAL ALTAS	9.300,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente do Padroado Cultural de Lalín non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
323.131.00	Promoción educativa. Retribucións persoal laboral temporal	9.300,00
	TOTAL BAIXAS	9.300,00 €

Son coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Cuarto.- Modificar as bases de execución do presuposto coa contemplación das subvencións nominativas con cargo ó Presuposto do Padroado Cultural de Lalín:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
334.479.01	Subvención Banda de Lalín para a participación no Wold Music Contest de Kerkrade	6.600,00 €
334.479.02	Subvención Banda de Vilatuxe para a participación no Certame Internac.de Bandas "Cidade de Valencia"	2.700,00 €

5.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN D EMPRESA PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA S.L. CONTRA O ACORDO MUNICIPAL DE 25 DE MARZO DE 2013.-

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 23 de maio de 2013.

Na rolda de voceiros **D. Román Rodríguez González** do P.P explicou a tramitación deste recurso. Houbo previamente un acordo municipal de 25 de marzo 2013 denegando a petición que fixo a empresa Portas y Acuña Inmobiliaria S.L de resolución da concesión de construción e explotación do parking, e contra este acordo interpuxo o recurso que agora se resolvía. Reiterou que todo o que houbo, e que levou ao peche da instalación e á demolición parcial do parking, se debeu a motivos técnicos da empresa construtora. Houbo varias rasantes en debate. Os técnicos da empresa construtora elixiron unha, logo interveu o Concello, e o técnico do Xulgado finalmente dixo que a válida era outra. Este recurso, de conformidade co informe de Secretaría, desestimábase polos mesmos motivos que houbo no anterior acordo. O expediente

podía ir a Xunta de Goberno, pero viña a sesión plenaria.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** indicou que neste tema non ían dar carta branca ao goberno municipal. O tema xa era coñecido por todos. Había, en primeiro lugar, un exceso de obra construída en base a un proxecto ilegal, e así o dicía a propia sentenza. Ademais inicialmente suprimíronse trinta e tres prazas, sen que houbera aprobación da modificación do contrato polo Pleno, tal e como esixía o prego de contratación; pola contra levouse á Xunta de Goberno, ao igual que sucedeu con outros cambios.

“Todos perdimos con esta obra”, dixo; a empresa concesionaria porque levaba catro anos pechado o parking, os cidadáns como usuarios do parking, os propios veciños que non podían usar a praza pública como espazo público e os mesmos veciños polos cartos que custou a obra e a indemnización que se terá que abonar á concesionaria.

Diante de todo isto, o goberno municipal non asumía as súas responsabilidades, e por elo tiñan que reiterar unha vez máis a petición de dimisión do edil delegado de urbanismo.

Desde o grupo do BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, vía correcto o informe de Secretaría, porque entendía que a empresa concesionaria non podía alegar no recurso cuestións non alegadas na petición.

O tema estaba enrevesado desde o ano 2003, cando se construíu a instalación; daquela todo era urxente, desde a terminación das obras ata a apertura ao público da instalación.

Reiterou o que xa dixo na anterior sesión: se el fose edil delegado de urbanismo e houbera dúbida sobre a legalidade e protestas de veciños, paralizaría a obra, aínda que só fose por sesenta centímetros na obra, e comprobaríao. Lembrou que houbo un recurso da familia Carral que non se atendeu e logo veu o proceso e a sentenza que mandou pechar e demoler as obras, dándolle a razón.

Recordou que o seu grupo xa pediu a dimisión e a asunción de responsabilidades políticas polo grupo de goberno, e non houbo nada ata hoxe. Aínda que fose un tema técnico, por enriba deles están os políticos, e por elo volveu pedir a dimisión tanto do edil delegado de urbanismo coma a do Sr. Alcalde.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a xustiza non deu razón á familia Carral, como dicía o edil nacionalista. A familia Carral pedía a demolición de todo o parking e só houbo que demoler o exceso construído.

Respondeu **D. Xesús Cordeiro Budiño** no sentido de que, se a sentenza acordase a demolición total, sería a hecatombe do Concello; isto ben puido pasar, xa que a dita sentenza non estaba clara.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** incidiu en que neste tema confluían varios factores e o contexto en que se realizou a obra, aspectos que había que valorar. Todo isto cambiaba na época actual, porque os conceptos e as cousas eran diferentes, e os recursos públicos debían medirse no seu gasto.

A maiores indicou que lle gustaría que aparte do tema xudicial ao que nos encamiñabamos, houbera negociacións e algún acordo entre ambas partes como solución. Absteríase.

De novo **D. Román Rodríguez González** salientou que se levaba falando dez anos sobre o parking. Reiterou que o proxecto aprobado era legal, entendido no que se refería ao contedor; isto foi o que pasou, que se construíu por enriba dos sesenta centímetros da rasante que tiña que coller. Tamén insistiu en que a familia Carral pedía a demolición total e non o conseguiu.

Agora o asunto era un trámite a realizar, porque iría aos tribunais.

Finalmente indicou que o parking se construíu nun contexto de demanda do público de prazas de aparcamento e no que había moito movemento en Lalín sobre o tráfico e o aparcamento, e mesmo a oposición pedía a regulación do tráfico. O goberno municipal acordou licitar esta obra e

houbo licitadores.

De novo **D. Manuel María González Aller** indicou que as verbas do edil de urbanismo eran novas e a obra que se presentou como un éxito do Sr. Alcalde, agora era un fracaso total. Reiterou que houbo no expediente modificacións importantes, como a de supresión de trinta e tres prazas, que foron á Xunta de Goberno Local e non ao Concello Pleno, tal e como dicía o prego de contratación.

Indicou que a familia Carral diante de todo defendeu os seus dereitos.

Sinalou que non se mencionou para nada en todo o debate o feito de que había unha concha acústica que agora xa desapareceu.

O expediente e a obra estiveron mal desde o principio, e agora se quería dicir que a empresa construtora era a culpable, pero o seu grupo entendía que as obras se axustaban ao proxecto e a empresa só fixo o que poñía o proxecto. Reiterou a petición de dimisións no grupo de goberno.

Tamén nesta segunda rolda, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que a obra foi un camiño de amargura para todos. Fallou a negociación desde o principio entre o Concello e a empresa concesionaria recorrente e agora entre o Concello e a empresa concesionaria. O tema tiña transcendencia porque tiña cartos públicos. O BNG tiña claro que o ben e o interese público deben primar por enriba dos intereses particulares e que no caso de ter que abonar algo, débese pagar só o que sexa legal.

D. Camilo Conde López, do PGD volveu indicar que se abstería neste tema.

Finalmente **D. Roman Rodríguez González** manifestou que o problema veu dun tema técnico, que foi o de tomar unha rasante que levantou o contedor.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNGe un (1) do PGD.

En consecuencia, acordouse:

Desestimar o recurso de reposición interposto por PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA SL contra o acordo municipal do Pleno de 25 de marzo de 2013, que rexeitou a resolución do contrato solicitada por suposto incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello de Lalín á empresa concesionaria da “CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA DA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE ENTRE AS RÚAS “CALZADA”, “B”, “PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUÍS GONZÁLEZ TABOADA”, confirmando o mesmo en todos os seus termos, en base ao informe de Secretaría nos seguintes términos:

1.- **OBJECTO DO INFORME:** este informe ten por obxecto resolver o recurso de reposición presentado por **PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L** contra o acordo plenario de 25 de marzo de 2013 en virtude do cal se acordou rexeitar a resolución da concesión do aparcamento solicitada pola empresa PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. por incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello, declarando que non procede a mesma e ordenando a apertura do aparcamento.

2.- **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de

Contratos das Administracións públicas (TRLCAP), norma vixente na licitación.
Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas (RXLCAP), norma vixente na licitación.
Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local.
Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais (ROF).
Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación e, no seu defecto, polas normas de Dereito Privado (LOE).
Lei 40/2002, de 14 de novembro, Reguladora do contrato de aparcamento de vehículos.
Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. (TRLCSP).
Lei 30/1992, de 26 novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (RLX-PAC).

3.- ANTECEDENTES DE FEITO:

O Concello Pleno, na sesión celebrada o día 25/03/2003 acordou adxudicarlle o contrato administrativo da *“Concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luís González Taboada e subseguinte explotación”* á empresa **PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L.**

Posteriormente, o día 7 de maio de 2003 asinouuse o correspondente contrato administrativo. Con data de 2 de febreiro de 2013 (RXE núm. 781) a empresa PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L presentou no Rexistro Xeral do Concello de Lalín un escrito no que solicita:

(...)

“Que se acorde a resolución do contrato de concesión de obra pública consistente na construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avenida Luís González Taboada”, sen prexuízo da tramitación do oportuno expediente para a determinación e indemnización dos danos e prexuízos causados”.

(...)

Con data de 15 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1059) PORTAS Y ACUÑA, S.L presentou un novo escrito no que solicita de novo:

(...)

“A resolución contractual do contrato de concesión de obra pública polas razóns no seu día expostas, coa indemnización dos danos e prexuízos ocasionados á miña representada como consecuencia da concesión dun contrato de obra cuxo proxecto, á postre e así declarado por resolución xudicial, resultou non ser axustado ao planeamento municipal. Circunstancia esta da que solo cabe deducir a responsabilidade do propio Concello e dos seus servizos técnicos”.

(...)

Finalmente, o día 25 de marzo de 2013, o Pleno da Corporación Municipal acordou rexeitar a resolución da concesión do aparcamento solicitada pola empresa PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L. por incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello, declarando que non procede a mesma e ordenando a apertura do aparcamento.

Este acordo foille notificado á nomeada empresa con data de 2 de abril de 2013 (RXE núm. 1398 de 2 de abril).

Con data de 2 de maio de 2013 (RXE núm. 2524) PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L.

Presenta Recurso de Reposición contra o acordo enriba referenciado.

4.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. Normativa contractual aplicable.

Desde un punto de vista formal, antes de entrar na análise do obxecto do informe, resulta primordial facer referencia á normativa aplicable.

Compre destacar que a disposición transitoria primeira do TRLCSP (normativa vixente na actualidade) relativa aos expedientes iniciados e contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei sinala que:

1. *Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se tivera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.*
2. *Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.*

Dos datos expostos no apartado 3 deste informe (e tendo en conta que a publicación da convocatoria tivo lugar o día 09/09/2002, no BOP e 20/09/2002 no DOG) dedúcese claramente que resulta de aplicación a lexislación anterior á entrada en vigor do TRLCSP e, xa que logo, o Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas (TRLCAP).

Cómpre aclarar, tendo en conta o obxecto do contrato, que tampouco resulta de aplicación a *Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do Contrato de Concesión de obras públicas*, en consideración do exposto na súa Disposición Final Terceira, que establece que: (...) *“esta lei será de aplicación aos contratos cuxa licitación se realice con posterioridade á súa entrada en vigor.”*

Segundo.- Órgano competente.

Con respecto ao **órgano competente**, para acordar a resolución, o artigo 116.1 da LRX-PAC establece que *“os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbera ditado ou ser impugnados directamente diante do orde xurisdiccional contencioso-administrativo”*.

Xa que logo, e tendo en conta que o órgano que ditou o acto foi o Pleno, o órgano competente para a decidir sobre a resolución ou non do contrato é o Concello Pleno.

Terceiro.- Lexitimación.

Segundo o disposto no artigo 52 da LRBRL, contra os actos e acordos das Entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente, podendo non obstante interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición.

Por outra parte, o artigo 31.1 a) da LRX-PAC establece que: *“consideraranse interesados no procedemento administrativo a) Quen o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.*

Neste caso o recurso foi presentado pola representante legal de PORTAS Y ACUÑA

INMOBILIARIA, S.L., adxudicataria da concesión referenciada, xa que logo resulta clara a súa condición de interesada no procedemento administrativo.

Cuarto.- Prazo de interposición e resolución.

Segundo o disposto no artigo 117.1 da LRX-PAC o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso.

No caso que nos ocupa, o acordo plenario notificouse o día 2 de abril de 2013 e o recurso de reposición presentouse o día 2 de maio de 2013; xa que logo, de conformidade coa normativa citada, considérase interposto o recurso dentro do prazo legalmente previsto.

Con respecto ao prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso, indicar que o artigo 117.2 da LRX-PAC establece que será dun mes.

Quinto.- ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

Con respecto á primeira alegación: *Tendo en conta que se trata dun mero relatorio de feitos, incidindo nos aspectos que poden beneficiar a esa parte, sen fundamento xurídico válido, rexéitase a alegación.*

Con respecto á segunda alegación: *Recolle as intervencións dos políticos que se reflicten na acta da sesión plenaria de 25 de marzo de 2013, na parte que pode beneficiar a esa parte. Debido á ausencia de razoamentos xurídicos, rexéitase a alegación.*

Con respecto á terceira alegación:

No seu parágrafo primeiro, a alegante manifesta literalmente: *o acordo municipal denega a resolución do contrato por entender que non existe incumprimento das súas obrigas por parte do Concello. A este respecto, é preciso reiterar o devandito incumprimento por parte do Concello e sinalar que a miña representada **non invocou unicamente o incumprimento de obrigas como causa de resolución, deixando o Concello sen responder as demais alegacións, fundamentalmente no relativo á alteración substancial.***

En relación con esta alegación cómpre indicar o seguinte: tal e como se expuxo nos antecedentes deste informe, a concesionaria solicitou a resolución do contrato en sendos escritos de data 2 de febreiro de 2013 (RXE núm. 781) e 15 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1059). Vexamos de novo o que se dicía nos dous escritos:

No primeiro deles a alegante expón literalmente: (...) *tras múltiples procedementos e instancias xudiciais, o número de prazas de aparcamento previsto no contrato veuse substancialmente diminuído.*

Supón elo un incumprimento das obrigas contractuais por parte da Administración. Como o Concello coñece, o número de prazas figura no contrato, na súa cláusula segunda, como unha das condicións que han de cumprirse e, polo tanto, esencial para ambas partes. Polo tanto, con independencia de que a norma vixente ao momento de contratarse non esixía a esencialidade do incumprimento, o certo é que neste caso é indubidable que a merma de máis de noventa prazas resulta un incumprimento esencial motivador da resolución contractual que a medio do presente escrito se interesa.

*(...) Polo exposto **SOLICITA** que se teña presentado este escrito e na súa virtude se acorde a resolución do contrato de concesión de obra pública (...).*

Pola súa parte, a terceira alegación do segundo escrito establece: (...)

“Todo elo sen prexuízo de que o Concello resolva a cuestión principal, isto é, a resolución contractual do contrato de concesión de obra pública polas razóns no seu día expostas, coa indemnización dos danos e prexuízos ocasionados á miña representada como consecuencia da concesión dun contrato de obra cuxo proxecto, á postre e así declarado por resolución xudicial, resultou non ser axustado ao planeamento municipal. Circunstancia esta da que solo cabe deducir

a responsabilidade do propio Concello e dous seus servizos técnicos”.

Non hai outras solicitudes formuladas nin outras cuestións plantexadas. Nisto debemos centrar a controversia.

En relación con esta solicitude o Pleno da corporación, na sesión celebrada o día 25 de marzo de 2013, acordou:

A) Rexeitar a resolución da concesión do parking solicitada pola empresa PORTAS Y ACUÑA, S.L. por incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello, declarando que non procede a mesma, e rexeitando as manifestacións vertidas nos dous escritos pola dita empresa.

E ademais.

B) Ordenar á empresa concesionaria a apertura do parking ao público para preservar o interese público e atenderen as necesidades dos usuarios, na data que no punto terceiro se indica.

C) Para a determinación dos danos e dos prexuízos sufridos polo concesionario, que alega a concesionaria e as posibles responsabilidades, se houberse, que incidirá na compensación ou na indemnización no seu caso, cómpre esclarecer os feitos.

Á vista da argumentación exposta e tendo en conta todo o tenor literal do acordo plenario, no cal se fai constar claramente que:

“A causa de resolución aducida pola empresa concesionaria non parece responder a razóns de interese público, senón máis ben ao interese particular da empresa PORTAS Y ACUÑA, S.L., de abandonar a concesión.

Na súa solicitude erra no número de prazas eliminadas, non aporta datos, xa que falta un estudo económico, documentos, ou calquera clase de soporte documental para demostrar a inviabilidade da concesión coa redución de sesenta e unha prazas de aparcamento, dando por feito que a supresión das devanditas prazas é causa máis que suficiente para resolver a concesión. Non demostra que a supresión desas prazas sexa esencial para a subsistencia da concesión. Doutra banda, a pretensión da empresa esquece a utilización do mecanismo previo para manter o equilibrio económico da concesión, que debe empregarse, pero que non solicita a concesionaria”.

Resulta pois evidente que as pretensións formuladas pola reclamante foron respondidas en toda a súa extensión no acordo plenario.

Pretende agora a parte recorrente alegar, xa que non o fixo no escrito inicial de petición no que se limitou en unha folla a solicitar a resolución en base á redución de prazas, a atribución da responsabilidade dos feitos que culminaron nesa redución de prazas ao Concello. Para elo alude a múltiples cuestións do prego: *menciona as obrigas de inspección municipal das obras, a aprobación do proxecto, a recepción das obras, a licenza de apertura, as referencias do contrato ao proxecto, e ás sentenzas xudiciais recaídas na materia;* obviamente menciona aqueles aspectos que interesan á empresa concesionaria; todas elas para atribuír toda a responsabilidade, absolutamente toda, ao Concello.

Non menciona ningún aspecto de todo o expediente que pode supoñer a atribución de responsabilidade á empresa concesionaria, porque ao parecer a empresa concesionaria pretende atribuír a totalidade da responsabilidade a este Concello. O certo é que a día de hoxe non está determinada aínda a responsabilidade, nin a cuota que corresponde ás partes afectadas.

O acordo municipal na parte dispositiva desestima a resolución por suposto incumprimento municipal ao resultaren a día de hoxe con sesenta e unha prazas de menos de aparcamento en relación co asinado no contrato. A alegación basease en que un só feito pode dar pé a varias alegacións.

As alegacións que non se refiren á perda de sesenta e unha prazas non se invocaron no escrito

de petición inicial. Agora, por principios de seguridade xurídica, non se poden debater as mesmas no recurso de reposición.

En consecuencia, nada novo se alega para variar o sentido da resolución recorrida, e por elo parece razoable desestimar o motivo do recurso de reposición e *rexeitar a resolución buscada*.

Con respecto á cuarta alegación: relativa ás causas de resolución do contrato indicar que alegante sinala que:

“O contrato neste momento non se atopa na fase de xestión e explotación do servizo público senón que, tendo sido este suspendido por orde xudicial para a demolición parcial, áchase de novo en fase de construción. Recentemente remataron, pretendidamente as obras de adaptación do aparcamento ao contido das resolucións xudiciais, obras asumidas polo Concello. Como a este lle consta, Portas y Acuña S.L non asume nin a corrección do resultado das devanditas obras desde un punto de vista técnico, nin que a entrega da obra no seu estado actual sexa pagamento da contraprestación debida en virtude do seu contrato. Todo elo non só pola cuestión fáctica evidente que se deixou exposta, senón porque xurídicamente a relación contractual, en virtude de sentenza xudicial, retornou á fase de execución das obras. Son, pois, de aplicación tamén as causas de resolución específicas do contrato de obra e non unicamente as do contrato de concesión da explotación e xestión do servizo”.

A este respecto, cómpre sinalar que tras varias comunicacións dirixidas á concesionaria, con data de 5 de febreiro de 2013 (RXS 590) envíaselle notificación á concesionaria instándoa a que compareza o día 8 de febreiro de 2013 ao acto de posta en funcionamento do aparcamento.

O día 6 de febreiro de 2013 (RXE núm. 891) a concesionaria presenta no Rexistro Xeral do Concello unha comunicación interesando a fixación de nova data para poder asistir ao acto de Posta en funcionamento con asistencia letrada.

O día 7 de febreiro de 2013 (RXS núm. 616) o Concello denegoulle á concesionaria a solicitude anterior.

O día 8 de febreiro de 2013 produciuse a recepción das instalacións executadas. Consta no expediente municipal a acta de cada unha delas asinadas polo arquitecto técnico municipal e polos contratistas que se encargaron da execución das mesmas.

Con data de 15 de febreiro de 2013 (RXE núm. 1059) a concesionaria presentou un escrito no que fai constar, entre outros aspectos que: *“anuncia que non recepcionará a obra por razóns técnicas, ademais de pola aludida resolución contractual”.*

Ao respecto, compre indicar que as obras de acondicionamento do aparcamento están rematadas e as instalacións recepcionadas, tal e como se indicou nos parágrafos anteriores. A instalación conta con licenza de actividade concedida pola Xunta de Goberno Local na sesión de 31 de maio de 2011.

Xa que logo, resulta claro que as obras remataron e o expediente está en fase de xestión e explotación do servizo por moito que a adxudicataria alegue razóns técnicas, sen fundamento xurídico nin base probatoria e co fin de eludir as súas obrigas.

No subapartado b) do apartado A) da citada alegación sinalan:

“....non pode aceptarse que se teña en conta a ningún efecto, unicamente a merma de 61 prazas como consecuencia das resolucións xudiciais, senón que haberá así mesmo de considerarse a perda inicial de 33 prazas proxectadas por esta mercantil e dos demais elementos (concha acústica e espacio superior) que foron executados e custeados pola miña mandante”.

Ao respecto desta alegación indicar que a cuestión da merma no número de prazas de aparcamento xa foi contestada no acordo plenario de 25 de marzo de 2013, e que se manteñen os argumentos e as consideracións establecidas naquela sede. A maior abundamento cómpre citar a STS de 16/01/2001 que sostén que:

“.....ao tratarse dunha pretensión indemnizatoria, fundada na existencia dunha

*modificación contractual decidida pola Administración, o contratista, debeu acudir aos mecanismos previstos na lexislación de contratos do Estado para opoñerse á modificación; e afirmando, que **si non o fixo así por terse aquietado diante da modificación contractual e prestou a súa conformidade, tal modificación non pode servir para fundar esa pretensión indemnizatoria.***

Considérase que o debate sobre as trinta e tres prazas, ao haberen actos administrativos firmes e consentidos carece de transcendencia.

Con respecto á cuestión da “concha acústica e espacio superior” débese indicar que esta cuestión non foi suscitada na petición inicial de resolución. Agora non pode neste recurso iniciar este debate.

En relación co apartado B) da alegación, titulado: “*Modificación do contrato e alteración substancial do proxecto*”; e o apartado C) titulado “*Causas de resolución do contrato en canto que contrato de xestión do servizo público*”, cómpre sinalar o indicado con respecto ao apartado anterior: non é este o cauce axeitado para resolver esas cuestións, habida conta de que está pendente de tramitación o expediente relativo á responsabilidade das partes en relación coa execución das obras.

Reproduce unha serie de pretendidas causas de resolución do contrato que son máis ben simples pretensións de parte e consideracións carentes de fundamentación xurídica, referenciados á suposta responsabilidade municipal nos feitos, pero que non son obxecto deste acordo.

En conxunto, as consideracións que fai a empresa nesta e nos anteriores escritos *ignorán absolutamente a especial finalidade do contrato que nos ocupa: a procura da satisfacción dun interese público*, así coma a existencia de mecanismos tendentes ao mantemento do equilibrio económico da concesión, no hipotético caso de que se producira unha ruptura do mesmo.

Cómpre recordar tamén que este fin de interese público ao que responde a contratación é o que modula os dereitos e deberes que integran a posición do contratista, convertendo a este nun colaborador da Administración para a consecución daquela finalidade.

Resáltase que non hai mención algunha, nin o menor atisbo, no recurso de reposición ao desexo de salvagardar o interese público nin de restablecer ou determinar o equilibrio concesional.

En congruencia co anterior, a empresa reclamante segue sen aportar documento, estudo económico ou técnico sobre a viabilidade ou non da concesión e a incidencia da supresión desas 61 prazas de aparcamento no equilibrio económico e financeiro da mesma. Este estudo técnico e económico que demostre e acredite a inviabilidade ou viabilidade da concesión para que poida ser fiscalizado polos servizos municipais é fundamental.

Con base nos razoamentos expostos rexéitase a alegación.

Con respecto á quinta alegación:

Solicita a resolución do contrato xunto coa devolución íntegra do capital invertido (máis os intereses), así como indemnización polos danos e prexuízos, perda de imaxe comercial e lucro cesante (tanto pola falta de explotación como polos rendementos derivados do capital invertido na obra).

Este aspecto é novo, porque a cuantificación dos danos e prexuízos non constaba na petición inicial e non foi obxecto de determinación no expediente, e tampouco no acordo plenario. Agora por seguridade xurídica non se pode entrar nese debate.

Con base nos razoamentos expostos ao longo deste informe e tendo en conta os argumentos recollidos no acordo plenario de 25 de marzo de 2013 rexéitase a alegación.

5.- Conclusións:

A modo de resume, e con base en todo o anteriormente exposto, cabe concluír que procede:

PRIMEIRA.- Desestimar o recurso de reposición interposto por PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA SL contra o acordo municipal do Pleno de 25 de marzo de 2013, que rexeitou a resolución do contrato solicitada por suposto incumprimento das obrigas esenciais do mesmo por parte do Concello de Lalín á empresa concesionaria da “**CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA DA CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NO SUBSOLO DO ESPACIO LIBRE ENTRE AS RÚAS “CALZADA”, “B”, “PINTOR LAXEIRO”, “Z” E “AVDA. LUÍS GONZÁLEZ TABOADA”**”, confirmando o mesmo en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Coa maior brevidade, proseguir coa tramitación da investigación dos feitos, e coa determinación das responsabilidades que houberse neste expediente da concesión antedita. Hai que subliñar que desde o acordo municipal antedito non existe actuación algunha ao respecto.

Sendo as 10:39 horas auséntanse da sesión o Sr. Alcalde titular, D. José Crespo Iglesias e o concelleiro do grupo de goberno D. José Antonio Rodríguez Fernández, pasando por delegación a presidila como Alcalde accidental o concelleiro D. Román Rodríguez González, quedando o grupo de goberno con once (11) concelleiros e en 18 concelleiros o número total de asistentes á sesión.

6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN CONTRA DA REFORMA DA LEI ORGÁNICA 2/2010, DE 3 DE MARZO, DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E DA INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO.-

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 20 de maio de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 2840. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 23 de maio de 2013.

Sendo as 10:40 horas ausentouse definitivamente da sesión a Interventora Xeral D^a. Marta Oviedo Creo.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** defendeu a moción do seu grupo contra as pretensións do Sr. Ministro de Xustiza que quería dar unha nova regulación ao aborto. Sinalou que era a norma máis regresiva que houbo nesta materia desde o ano 1985, ano en que se regulou por primeira vez o aborto. Estas ideas que se querían recoller nun proxecto de lei atentaban contra a liberdade das mulleres, sendo lesiva para as mesmas. Amosouse partidario de que fosen as propias mulleres as que tomasen a decisión e o prazo para a interrupción dos embarazos. Esta norma levaría a que as mulleres se marchasen a abortar ao estranxeiro, as que teñan cartos por suposto; as que carezan deles abortarán dun xeito clandestino co correlativo aumento do risco para a súa vida e integridade. Recoñeceu que a actual lei española estaba na media europea porque permitía interromper os embarazos ata as 14 semanas. A norma que se buscaba aprobar estaba baixo a influencia da Igrexa Católica. De seguido leu a parte dispositiva da moción.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** decantouse por apoiar a moción.

A norma que se buscaba representaba un paso atrás, despois de moitos anos de esforzos e de loita.

Sería unha lei regresiva, no caso de aprobarse, feita baixo a influencia da Conferencia Episcopal e máis restritiva que a actual. Con ela as mulleres seguirían tendo o problema na casa.

A situación neste eido da interrupcións dos embarazos era mellorable, pero en ningún caso dando pasos atrás coma este, e sobre todo sen tutelas relixiosas ás mulleres.

Outro tema que preocupaba ó seu grupo era a tutela que exercían os pais sobre as rapazas de 16-17 anos que quixeran abortar. Noutros eidos, hoxe xa non existía esa tutela ou dirección, como sucedía por exemplo nas relacións sexuais ou nas relacións laborais; agora si que as haberá.

En suma con esta norma que se ía sacar non habería liberalización dos abortos, senón consecuencias negativas para as mulleres.

Propuxo como emendas engadir á moción socialista o seguinte:

1.- Instar á Xunta de Galicia a adoptaren medidas para atenderen ás peticións de interrupción do embarazo das mulleres con base en principios de igualdade de trato para todas.

2.- Instar á Xunta de Galicia a dar información en centros e consultas previas de tal xeito que se eviten condutas e interferencias que buscan o adoutrinamento.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** coincidía en que a norma, no caso de saír adiante, sería un paso atrás. Propuxo que houbera unha información seria e rigorosa ás mulleres dos efectos e das consecuencias das interrupcións de embarazos. Apoiaría a moción porque era unha chamada de atención aos que querían modificar a normativa actual.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que sendo a moción en debate unha moción de partido, o seu grupo daría tamén unha resposta de partido. Indicou que non existía tal proxecto de lei ou norma ou borrador sobre a que opinaren. Soamente había unhas declaracións cambiantes no seu contido sobre o cambio na normativa do aborto. Por isto, porque non había un texto sobre o que pronunciarse, rexeitarían a moción.

De novo, **D. Manuel María González Aller** recoñeceu que había multitude de declaracións do Sr. **Ruíz Gallardón** sobre este tema, todas en sentido negativo á normativa actual. Diante de todo isto había que saír ó paso e amosar a opinión en contra das mesmas e mobilizar a vontade popular. Logo, de non facerse agora estas protestas e pronunciamentos, podería ser tarde. Indicou que eles eran partidarios mesmo de introducir unha maior despenalización do aborto. Coidaba que se podía mellorar a normativa actual en moitos aspectos, por exemplo nas condicións sanitarias en que se producían as interrupcións de embarazo. Salientou que o segundo punto da parte dispositiva da moción recolle o que piden as emendas do grupo nacionalista e por elo aceptábanas.

De novo polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** coidaba que todo cambio na normativa reguladora do aborto debía respectar os dereitos da mulleres e preservalos. Á vista das declaracións do actual titular de xustiza, estes dereitos non se salvagardaban, nin se respectaba a liberdade da muller, principio que era o que tiña que rexer. Amosouse favorable a promover foros de debate neste tema e non a aprobar normas que eran pasos atrás.

De novo **D. Camilo Conde López** reiterou o xa dito anteriormente, destacando que non estaba mal este toque de atención á intencionalidade polo, menos do actual titular de xustiza. Na normativa actual podían introducirse matices e mellorar, coma en todo, pero volver atrás neste eido era lamentable.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** sinalou que o Pleno do Concello non era o foro axeitado para este debate. Reiterou o xa dito de que non había borrador da lei, e que as declaracións non eran as mesmas sempre. A resposta do seu grupo era unha resposta de partido. Acorde con elo, rexeitarían a moción.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1- O Pleno do Concello de Lalín recoñece o dereito a unha maternidade libremente decidida, o que implica, entre outras cousas, que as mulleres decidan sobre o seu embarazo e que a decisión consciente e responsable sexa respectada.

2.- O Pleno do Concello de Lalín lembra ao Goberno de España a aconfesionalidade proclamada na Constitución e, neste sentido, rexeita calquera inxerencia no dereito a unha maternidade libremente decidida ao ditado de ningunha moral relixiosa.

3.- O Pleno do Concello de Lalín móstrase contrario á reforma anunciada da Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo anunciada polo ministro Gallardón e rexeita a regresión que iso suporía.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

7. MOCIÓN DO BNG.

7.1. MOCIÓN DO BNG A PROL DO MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción presentada polo grupo municipal nacionalista de data 14 de maio de 2013, con entrada municipal o mesmo día co número de rexistro 2773. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 23 de maio de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou que a moción se presentou á vista da intención do actual Sr. Ministro de Xustiza de efectuar cambios na actual organización dos rexistros civís. Quería pasar estas funcións aos rexistros da propiedade; non obstante os rexistradores xa dixeron que non o ían asumir gratis.

Entendía que este servizo público e gratis aos cidadáns había que mantelo tal e como se prestaba hoxe, para cubrir as demandas da poboación, levando a documentación oficial das persoas, de xeito aberto e na organización actual. Leu a parte dispositiva e rematou pedindo o apoio da Corporación para que non se cargue cun gasto máis aos cidadáns e continúe como un servizo público.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** manifestou estar de acordo coa moción. Tratábase dun servizo que funcionaba ben, gratis e próximo ao cidadán.

Tamén se referiu a que coa supresión dos Xulgados de Paz produciríase unha sobrecarga nos xulgados de primeira instancia e instrución.

Tamén se referiu a que os rexistradores dixeron que non estaban dispostos a asumir o servizo que, de verse obrigados, sería cobrándoos. Finalmente, coñecendo ao actual Sr. Ministro, dixo que todo era posible, mesmo que pasasen aos Secretarios dos Concellos este servizo dos rexistros civís.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** adiantou que apoiaría a moción. Era un paso atrás entre os que se estaban a dar nos servizos públicos, e diante disto había que opoñerse.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** salientou que era unha moción de partido e eles darían tamén unha resposta de partido. En Lalín non había xulgado de paz e non afectaba.

Lembrou que cando gobernou o goberno socialista se estableceu un custo pola emisión de certificados nos rexistros civís. Rexeitarían a moción.

De novo polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** reiterou o xa dito, e remarcou que os rexistradores xa anunciaron que non ía saír gratis este servizo aos cidadáns. Non lle estrañaría que estivesen negociando con eles o que ían cobrar por dar o servizo.

De novo **D. Camilo Conde López** volveu insistir en que esta medida, de aprobarse sería un paso atrás máis dos que se estaban a dar. Por elo coidaba que era necesario dar un toque de atención ao *Sr. Ministro* e ao goberno, apoiando a moción.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito, insistindo en que o único motivo que lle guiaba ao goberno central neste tema era un afán recadatorio. Lembrou que en Lalín baixaron todas as partidas menos a dos impostos indirectos.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1.- *Expresar o rexeitamento á proposta do Goberno de España relativa á supresión dos Xulgados de Paz e á asunción por parte dos Rexistros da Propiedade e das Notarías das funcións dos Rexistros Cívís, instando ao Goberno do Estado á inmediata retirada deste anteproxecto de lei.*

2.- *Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno Central o mantemento dos Xulgados de Paz, así como a que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os Rexistros Cívís.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

7.2.- MOCIÓN DO BNG PARA ESIXIR A RETIRADA DA LOMCE POLO SEU CARÁCTER CENTRALIZADOR E DESGALEGUIZADOR.

Deuse conta pola *Presidencia* desta moción presentada polo grupo municipal nacionalista de data 9 de maio de 2013, con entrada municipal o día 10 de maio co número de rexistro 2710. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de maio de 2013.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** salientou que era unha falacia dicir que esta lei se facía como resposta ao fracaso escolar. Esta norma, de aprobarse, sería unha norma rancia, e "*vai por onde non debe ir*", dixo.

Era un clamor que contemplase que a asignatura de relixión contase na media das notas do curso e que tivese aínda máis rango que o idioma galego. En si mesma era unha aposta clara polo idioma español nos colexios, e como dixo o Sr. Ministro: "*tratábase de españolizar aos cataláns*", algo que polo visto se quería facer extensivo aos galegos tamén. Buscaba, pois, a preponderancia do español, relegando con elo o idioma galego a unha situación secundaria, xa que tería mesmo menos importancia que a lingua do inglés.

Diante de todo isto, a Xunta de Galicia tiña competencias propias que se verían afectadas, en aras de potenciar o uso do idioma español. Preguntou: *¿Corre perigo o idioma español en Galicia?* Estaba claro que non.

Tamén estaban en contra da implantación do sistema de reválidas. Isto tamén supuña unha inxerencia nas competencias propias de educación das Comunidades Autónomas.

Doutra banda reflectía a influencia da Conferencia Episcopal que tiña interese propio no eido da educación.

Coidaba que o fracaso escolar non se abordaba nin se solucionaba con esta lei, senón con máis recursos e sobre todo dotando con máis persoal o eido da educación.

En resume, esta norma era unha cortina de fume para esconder outros problemas reais da sociedade. Ademais, coidaba que a realidade era que o Goberno español non negociaba con ninguén.

Finalmente a norma supuña un apoio ao ensino privado, fronte ao ensino público, algo que se desprendía do seu texto. Tamén se facilita o ideario relixioso e privado de cada centro e tampouco toca o tema da Formación Profesional.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** adiantou que apoiarían a moción contra a LOMCE. Reservábase a súa intervención para o debate da moción conxunta.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que a LOMCE era un paso atrás. A lei ía contra a realidade social e non ía solucionar nada.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** sostivo que a lei non era unha falacia contra o fracaso escolar. Tratábase de buscar un itinerario para a exclusión escolar.

O sistema, coma todos, era moi mellorable. Había que partir da idea de que non hai só un modelo de ensino posible, senón varios.

Todos ven o informe PISA, que ano tras ano di que España está á cola no fracaso escolar. Iso a pesares de que os fondos públicos adicados ao ensino superan nun 20% por riba da media comunitaria. Galicia ten un 10% menos de fracaso escolar. En Andalucía, por exemplo, van por riba do 50% do fracaso escolar e hai caos cunha dobre titulación nos postos que se ocupan.

Cumpría destacar que a LOGSE foi o modelo educativo socialista durante varias décadas, porque a lei *Aznar* non chegou a entrar en vigor.

Era comprensible que, diante deste fracaso do modelo educativo, se buscasse outro sistema.

En España dábanse varios parámetros como o elevado nivel de fracaso, e o alto nivel de paro xuvenil.

Suscitaba tamén un debate coas linguas propias dalgunhas Comunidades Autónomas. Hai un problema con Catalunya: non cumpre a normativa vixente. Para solucionar isto, os poderes públicos terán que acudir aos centros privados para que impartan o ensino en español aos que o pidan, e o Estado lle deducirá os cartos a esa CC.AA nas aportacións.

A norma busca o fomento da cultura do esforzo nos estudantes. As reválidas ían nesa liña. Coa nova lei haberá máis autonomía dos centros e unha igualdade dos contidos educativos mínimos e un corpo de coñecementos común en todo o Estado. A reforma reforza tamén o papel do profesorado, garante a liberdade de centros, e potencia a formación profesional básica orientada e dual (teoría e práctica). Toda a norma estaba pensada para solucionar un problema que existe, e que supón admitir que o actual modelo educativo fracasou. Por elo debía ser comprensible e loable buscar outro modelo e outro sistema que mellore e que intente corrixir estes resultados.

De novo polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** volveu reiterar que a lei era un paso atrás, porque pasaba a potenciar o ensino privado. Entra a fondo neste tema.

O paro xuvenil non é unha consecuencia do fracaso escolar. O paro existe porque non hai traballo, tendo en conta que os xóvenes son a xeración máis preparada da historia, teñen que emigrar.

Aludiu a outras CC.AA como Galicia que ten competencias en educación e que agora están afectadas con menoscabo nas súas competencias. Por exemplo: *¿por qué se suprime a asignatura educación para a cidadanía?* O español non corre ningún perigo, ao contrario que pasa co idioma galego, que si preocupaba. O idioma terá menos importancia que o idioma inglés.

A Formación Profesional será concertada, e a regulación actual deste tema é preconstitucional. Con esta norma os directores serán elixidos para ser xestores, non para dirixir o centro educativo e responderán diante da Administración. En suma, non solucionará esta norma o fracaso escolar.

De novo **D. Camilo Conde López** non participaba das verbas do edil popular. *“Algo se fixo nestes anos, afirmou, algo se avanzou no ensino”*. Este paso non era necesario. O que si é, é un paso máis de animosidade contra a lingua galega e as outras lagoas. Elaborar unha norma tan mal non está xustificada.

De novo **D. Román Rodríguez González** dixo que puido haber algúns avances nalgún campo; pero noutros eidos, non os houbo e no seu lugar temos retrocesos; había lagoas tamén.

Recordou que nos trinta últimos anos este foi o modelo aplicado en España, un modelo do PSOE, a pesar de que houbo tres leis orgánicas aprobadas.

A Lei non vai contra ninguén. Na Constitución Española están claras cales son as competencias do Estado e cales as atribucións das C. Autónomas.

Sobre a necesidade de dialogar e consensuar, salientou que neste eido nunca houbo un consenso nin antes nin agora. A cuestión era que todos os partidos queren chegar ao mesmo destino, pero os camiños para elo son distintos.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- *A retirada do Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa.*
- 2.- *A esixencia de que a Xunta de Galiza solicite ao goberno do Estado a retirada do Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa, por invadir as súas competencias.*
- 3.- *A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo desta maneira ao contexto onde se ensina e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

8.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSDEG-PSOE, BNG E PGD DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DA LOMCE E SOLICITANDO A RETIRADA DO MESMO.

Deuse conta pola Presidencia desta moción presentada por urxencia conxuntamente polos grupos municipais socialista, nacionalista e galeguista, de data 20 de maio de 2013, con entrada municipal o día 21 de maio co número de rexistro 2871. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 23 de maio de 2013.

Desde o PSdeG-PSOE, **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que cedía o seu turno de palabra a un voceiro ou representante da Plataforma Movemento Dezaio polo Ensino Público a prol do ensino público.

Desde o grupo de goberno, **D. Román Rodríguez González** contestou indicando que non constaba na moción que ían ceder a defensa da mesma aos membros desta plataforma e por elo non admitía o uso da palabra a membros que non foran concelleiros.

O *Sr. Secretario* indicou que non estaba previsto no ROF a intervención de persoas alleas á Corporación; non obstante elo dependía da Presidencia; tamén despois do turno de rogos e preguntas o *Sr. Presidente* podía dar o uso da palabra aos representantes da dita plataforma.

De novo, **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** sinalou que presentaron a moción como se lles dixo, asinada por eles e non pola plataforma; o seu contido sería o mesmo, sinalando que un só deses membros podía defendela.

Finalmente salientou que diante da negativa da Presidencia a ceder a palabra ao representante da mesma, a defensa das ideas da citada plataforma se faría por cada voceiro e tomaría a palabra para elo. Elo supuña que o grupo de goberno negaba a palabra á cidadanía.

Así tomou o documento que resumía a posición da plataforma, que aludía aos cambios que a LOMCE pretendía facer diante da actual normativa vixente, para defender o seu contido.

Eles presentaron a moción do partido antes do día dous de xuño de dous mil trece. Agora a plataforma retomaba o tema. Había un borrador dun proxecto de lei aprobado polo Consello de Ministros que estaba en tramitación. Diante disto había que pronunciarse.

Esta norma non era froito do diálogo nin do consenso cos sectores afectados. Xeraría un reforzamento do sector privado do ensino, atendía sobre todo as indicacións da Conferencia Episcopal, e mesmo é probable que coincida nalgún dos seus postulados cos de fundacións como a FAES.

Entre os seus "*méritos*" estaba a de poñer en contra a todo o sector educativo, por primeira vez en moitos anos, incluíndo as forzas políticas e sindicais, que non son do partido propoñente.

Lembrou que antes desta lei houbo a LOGSE e a LOE, normas que foron máis dialogadas ca esta. Lembrou que o texto en debate non contaba co apoio doutros sectores que non fosen do PP. Entre os cambios que esta lei buscaba estaban:

Primeiramente quería levantar barreiras selectivas no ensino nas súas fases (reválidas). Con elo aumentaría o fracaso escolar. Este aspecto supuña un retroceso de máis de corenta anos. Lembrou que estas barreiras tiñan antecedente nas leis anteriores e logo, sendo Ministro daquela o *Sr. Villar Palasí*, as eliminou. No seu caso persoal con este sistema de reválidas, suspendería o remate do bacharelato en matemáticas, cando hoxe era profesor desta especialidade.

En segundo lugar, a norma con este novo sistema obrigaría aos nenos con catorce ou dezaséis anos a tomar unha decisión moi importante nas súas vidas.

En terceiro lugar, fortalecería aos centros e ás empresas privadas en detrimento do sector público, porque permitiría ampliar os concertos educativos.

En cuarto lugar, o galego non sería unha das asignaturas troncais, e perdía peso no conxunto do sistema. O tema tiña a súa orixe no conflito serio que había co idioma en Catalunya.

En quinto lugar, a relixión aumentaba o seu peso, e supuña un paso atrás despois de moitos anos.

En sexto lugar, atentaba gravemente contra a comunidade educativa e diminuíría a autonomía dos centros. O director rendería contas e sería un mero xestor.

En sétimo lugar, coa escusa de querer primar a cultura do esforzo, sería un perigoso precedente.

Por último reforzaba o papel do profesor como autoridade.

A isto había que engadir que a norma se tramitaba cando os xóvenes de hoxe son os máis formados da historia.

En resumo, o proxecto de lei aprobado, o que se coñece como LOMCE non tiña nin pés nin cabeza. Había que rexeitalo.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** indicou que o BNG estaba en contra desta lei. Era regresiva e supuña unha inxerencia nas competencias propias ás CC.AA.

Lembrou que, se na reválida suspendían os alumnos, sería terrible, porque non pasarían a outro curso e perderían a convocatoria. Por elo coidaba que atentaba contra a igualdade.

De novo **D. Román Rodríguez González** entendía que a nova lei viña coa intención de mellorar o actual modelo educativo. O goberno estaba aí coa intención de facer algo diante do sistema que tiñamos e dos informes PISA que ano tras ano indican que os alumnos do este país van á cola de Europa,

“O goberno legisla guste ou non á oposición. Sucédía o mesmo que antes. Cando se aprobaron as tres leis do PSOE, que foi quen estivo detrás do presente sistema educativo, pasaba o mesmo: o PP se opuña, pero se aprobaban as leis”, salientou.

O modelo actual tiña fallos e lagoas tremendas. Deste xeito, é habitual que ano tras anos aumente o diferencial dos nosos alumnos cos da Unión Europea. Diante disto parece lóxico que haxa unha alternancia de modelos educativos, o que agora se pretende, destacando que o actual modelo dos últimos trinta anos é froito das leis socialistas.

Indicou que as revalidas tentan concentrar aos alumnos e aumentar o esforzo escolar.

Tamén tentaba introducir unha uniformidade do curriculum educativo en todo o Estado.

Lembrou que o ensino concertado está tamén sostido con fondos públicos. Non pagan os alumnos polo ensino, senón o Estado, salvo nas actividades extraescolares.

Finalmente indicou que no anterior goberno da Xunta de Galicia, o bipartito, aumentaron en máis de trescentas as unidades do ensino concertadas. No ano 2009, cando gobernou o PP, baixaron dúas unidades menos.

D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez sinalou que na etapa do goberno bipartito, os centros concertados eran necesarios, porque o Estado nese momento non se podían atenderen todas as demandas do ensino e non podía dar ensino público a todos os alumnos; nalgúns casos non había, nen sequera solares para facer colexios, como sucedía en Vigo ou Pontevedra.

De todos os xeitos, indicou que cando él estivo como Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aumentaron os medios e os comedores escolares; ao haberen estes servizos incrementouse o número de alumnos e houbo un trasvase real de alumnos do ensino

privado ao público.

En definitiva o sentido desta norma non é o correcto. Ataca a lingua galega, incrementa o peso da relixión e comete moitos erros.

Vaticinou que non dará resultados positivos. Indicou, a modo de exemplo, que no seu Instituto, na votación houbo 29 votos en contra, catro a favor e catro abstencións sobre o dito proxecto de lei. Os Consellos Escolares da maioría dos centros pronunciáronse en contra.

Rematou **D. Román Rodríguez González** destacando que cando o PSOE estaba no poder era un partido distinto de cando estaba na oposición. Sucede que nos mesmos temas, pero en sitios distintos, onde gobernan, non se opoñen; pero aquí que non gobernan, sí.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo: o Pleno do Concello de Lalín formula o seu rexeitamento público do anteproxecto de Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), solicita ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a súa retirada ó tempo que esixe un ensino público de calidade, inclusivo, laico e compensador das desigualdades sociais e económicas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **rexeitouse** a moción.

9-.1.- ROGOS E PREGUNTAS.-

PSDEG-PSOE.

D. Manuel Maria González Aller

9.1.- PREGUNTA.-

En relación co terraplén existente na parte baixa da Alameda, no parque de Lalín de Arriba, e ao que xa se aludiu noutro rogo neste mesmo órgano plenario, detrás do Ambulatorio de Saúde, quere saber o que se fixo desde entón ou se se vai poñer algún valado no mesmo partindo do risco e perigo que xera para os nenos e para as persoas que xogan e camiñan polo lugar.

Respondeu D. Camilo González Bodaño, indicando que se estaba a estudar o custo das obras necesarias.

9.2 .- PREGUNTAS.

Presentados de xeito escrito e cuio contido se transcribe a continuación:

PSdeG-PSOE:

D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez

1.- PREGUNTA QUE FORMULA O CONCELLEIRO ABAIXO ASINANTE EN RELACIÓN COA CONCESIÓN DO MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES.

O proceso de adxudicación da concesión do mantemento das zonas verdes, como tantos outros, xera un montón de dúbidas, primeiro polas propias bases e en especial polo seu baremo no que se valoran cuestións absolutamente subxectivas, que continúan con un informe dun técnico municipal (á súa vez membro do propio tribunal) que non ten titulación relacionada coa materia e que utilizando ese baremo, como dicía absolutamente subxectivo, elimina a unha serie de empresas dándolle unha puntuación por debaixo da mínima esixida e impide que poida coñecerse a súa oferta económica, e por outro lado deixa empatadas á empresa de Lalín que viña facendo este mantemento (e que agora se presentaba nunha UTE con outra empresa de Lalín) e a empresa EULEN, para que logo a oferta económica máis baixa destas dúas decida o desempate a favor desta segunda empresa.

En definitiva, unha vez máis o resultado final é unha adxudicación a unha empresa non só de fóra de Lalín e da súa comarca, senón de fóra da provincia, a pesar de que existían ofertas económicas máis baixas de empresas da zona e que de seguro ían a cumprir o contrato en moito mellores condicións do que o está facendo a empresa adxudicataria.

O contrato administrativo coa empresa EULEN asinouse o pasado 27 de marzo de 2013 e entraba en vigor o 1 de abril, polo que xa leva case dous meses en vigor; tanto do prego de condicións como da propia oferta da empresa despréndese toda unha serie de compromisos e condicións que deberá cumprir durante o tempo que dure a concesión.

A pregunta é a seguinte:

¿Pode afirmar rotundamente o Sr. Alcalde que a empresa está cumprindo escrupulosamente todos os compromisos adquiridos que constan tanto no prego de condicións técnicas como na súa propia oferta?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTAS QUE SE FORMULAN EN RELACIÓN COA NOVA ZONIFICACIÓN ESCOLAR NO CONCELLO DE LALÍN.

Logo dun longo traballo das distintas comunidades educativas (en especial dos equipos directivos dos centros de primaria deste concello) e da propia inspección educativa da xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, a dita Xefatura Provincial acordou modificar as zonas educativas dos colexios de primaria do Concello, modificación que entra en vigor para o próximo curso 2013-2014.

Este goberno municipal en ningún momento presentou ningunha alegación a pesar de ser consultado pola xefatura provincial, e incluso acompañou en Lalín ó Xefe Territorial na presentación pública desta modificación; e en ningún momento este concelleiro recrimina este apoio, senón que o aplaude, pois trátase dunha modificación absolutamente positiva para a educación primaria deste concello e que ven solicitando dende hai tempo a través de iniciativas municipais.

O que sorprende a este concelleiro é que este mesmo grupo de goberno, que non alega e que apoia publicamente a modificación, estea agora, especialmente por algún significado concelleiro, apoiando aos veciños da parroquia de Sello que se opoñen á dita modificación e que tratan de conseguir que non se leve a cabo unha modificación.

En relación con este tema fórmulanse as seguintes preguntas:

¿Apoia todo o grupo de goberno a nova zonificación dos colexios de primaria de Lalín aprobada pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación ?

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

¿Por qué non se presentaron alegacións en tempo e prazo cando foi requirido para elo pola Xefatura Territorial?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

¿Como explica que o concello, a través de determinados concelleiros e incluso de técnicos municipais, estea traballando abertamente en contra de esta modificación?.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

PGD.

D. Camilo Conde López

1.- ROGO.- Pide agradecer á empresa Framiñán Inmobiliaria S.L que puxo a disposición das persoas necesitadas de Lalín dous pisos en aluguer de xeito gratis para os veciños.

O Sr. Presidente quedou enterado.

2.-PREGUNTA.- Quere saber se esa empresa sinalada no rogo anterior ten débedas co Concello de Lalín.

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- ¿Que forma de concesión do uso dos dous ditos pisos vai empregar o Concello? ¿Que criterios vai seguir para a adxudicación?

O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.

E, sendo as doce horas e corenta minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente